

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DO DEPORTE E ENTIDADES DEPORTIVAS 2024

O Concello de San Sadurniño, ten a vontade de prestar todo o seu apoio ao asociacionismo veciñal, por consideralo un dos instrumentos máis importantes que garanten a participación colectiva da cidadanía, contribuíndo á construción colectiva do noso Concello. Nesta convocatoria preséntanse subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades deportivas e destinadas a apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades de interese deportivo do Concello de San Sadurniño para o exercicio 2024.

### Artigo 1.- FINALIDADE E OBXECTO.

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais dirixidas ao apoio e promoción do deporte no Concello de San Sadurniño, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, para a realización de actividades que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas do Concello.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local; 40.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; e 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro; a Lei de Subvencións de Galiza e demais normas concordantes.

### Artigo 2.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

Poderán ser obxecto de subvención as actividades ou a promoción do deporte realizadas por entidades deportivas rexistradas con domicilio social en San Sadurniño no momento da convocatoria dentro do período natural do ano 2024 e que estean ao corrente das súas obrigas fiscais e económicas con calquera ente administrativo.

Serán subvencionables os gastos correntes de funcionamento e participación en campionatos deportivos, tales como fichas de inscrición en competicións, desprazamentos, arbitaxes, servizos sanitarios, compra de material deportivo, transporte; e outros de funcionamento ordinario da entidade.



Non serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariais, rexistrais, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais, nin os tributos directos a cargo das entidades beneficiarias.

Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables os derivados da organización de xantares, eventos gastronómicos ou outros similares.

### **Artigo 3.- LÍMITE DAS SUBVENCIONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS**

As subvencións que se outorguen ó abeiro do establecido nas presentes bases serán compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa procedencia, pero en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos.

### **Artigo 4.- ORZAMENTO.**

Para o financiamento das subvencións establecidas nas presentes bases destínase a cantidade de, 16.000,00 euros que pode non esgotarse, establecida para tal finalidade no capítulo IV do orzamento municipal para o ano 2024.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e á vista das que tiveran entrada no Rexistro municipal, o Concello de San Sadurniño reservarase a posibilidade de modificar a contía da anterior partida, previo oportuno expediente de modificación de crédito, en caso de que este fora preciso.

### **Artigo 5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

A concesión de subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva.

O crédito total asignado á presente convocatoria distribuirase de maneira proporcional á puntuación que cada entidade deportiva obteña unha vez aplicados os criterios de ponderación establecidos.

#### **Criterios de valoración:**

1. Para as entidades deportivas que **non** contén con equipas que participen en competicións deportivas de deportes de equipo olímpicos, establécese unha cuantía



de 400,00 euros. O importe da subvención calcularase en función do número de licenzas federativas coas que conte cada entidade. Para o cálculo desta contía aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=400/Nl$$

Sendo **Vp** o valor do punto e **Nl** a suma do número de licenzas federativas das entidades solicitantes. Coa finalidade de potenciar a práctica deportiva feminina, o número de licenzas federativas femininas multiplicarase por dous

A contía da axuda será o resultado da multiplicación do valor de **Vp** pola suma das licenzas federativas de cada entidade solicitante.

2. Para as entidades deportivas con equipas que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos, establécese unha cuantía de 5.900,00 euros. O importe da subvención calcularase en función do número de licenzas federativas coas que conte cada entidade. Para o cálculo desta cuantía aplicarase a seguinte fórmula:

$$Vp=5.900/Nl$$

Sendo **Vp** o valor do punto e **Nl** a suma do número de licenzas federativas das entidades solicitantes. Coa finalidade de potenciar a práctica deportiva feminina, o número de licenzas federativas femininas multiplicarase por dous

A contía da axuda será o resultado da multiplicación do valor de **Vp** pola suma das licenzas federativas de cada entidade solicitante.

3. Pola titularidade das instalacións, xa sexa en propiedade ou por algún tipo de cesión de uso demostrada mediante o correspondente documento contractual, primando aquelas entidades con instalacións propias pola necesidade do seu mantemento. Establécese unha cuantía de 1.000,00 euros. Distribuirase de maneira proporcional en función do número de solicitudes.
4. Número de equipas por categoría para as entidades deportivas que participen en competicións deportivas de deportes de equipo olímpicos, establécese unha cuantía de 2.500,00 euros. Distribuirase de maneira proporcional en función da clasificación segundo ditame da comisión avaliadora.
5. Contía orzamentaria do programa presentado para a solicitude de entidades deportivas con equipas que participen en competicións deportivas de deportes olímpicos. Establécese unha cuantía de 2.000,00 euros. A ponderación atribuída a este criterio, distribuirase de maneira proporcional en función da clasificación segundo ditame da comisión avaliadora, atendendo aos seguintes parámetros:
  - de 500,00 a 1.000,00 euros: até 0,50 puntos
  - de 1.001,00 a 2.000,00 euros: até 1 punto
  - de 2.001,00 a 3.000,00 euros: até 1,50 puntos



- de 3.001,00 a 4.000,00 euros: até 2 puntos
- de 4.001,00 a 5.000,00 euros: até 3 puntos
- de 5.000,00 a 10.000,00 euros: até 4 puntos.
- Máis de 10.000,00 euros: 5 puntos

## Artigo 6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán formularse, debidamente cubertas en todos os seus apartados, no modelo oficial que se facilitará gratuitamente ás entidades interesadas nas oficinas do Concello e na Casa da Cultura ou poderá descargarse directamente da páxina web do Concello ([www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)), e será asinada pola persoa que ocupe a presidencia da entidade.

a Impreso de solicitude (Anexo I)

b Memoria explicativa da actividade obxecto da subvención solicitada, con especificación da denominación, da actividade, datas e lugares de realización, responsables do seu desenvolvemento, obxectivos e fins concretos a que se destinarán os fondos, non sendo subvencionables fins distintos aos expostos na memoria e no correspondente orzamento de gastos do punto b (Anexo II).

c Presuposto de Ingresos e de gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto, e ao nivel de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables (Anexo III).

Así mesmo, presentarase a seguinte documentación relativa á entidade:

d Certificación acreditativa dos cargos representativos e copia da acta onde figure a composición actual da Xunta directiva (Anexo V).

e Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

f Documentación acreditativa de titularidade da instalación deportiva utilizada normalmente referenciada no punto 4 dos criterios de valoración.

g Certificado expedido pola correspondente Federación onde a entidade realiza a actividade subvencionada, indicando na dita certificación o número de fichas de cada equipo nas correspondentes categorías nas que participa (Anexo IV).

h Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados pola persoa interesada no que respecta ao nome ou denominación social, CIF e número de conta bancaria.

Non será necesario achegar aquela documentación que xa estea rexistrada neste Concello, pero que debe estar **actualizada** no momento da solicitude da subvención ao respecto do contexto real organizativo da entidade.



Os documentos normalizados sinalados como “anexos” nesta convocatoria poderán ser ampliados polas persoas solicitantes achegando a documentación que estimen oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na documentación achegada poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da axuda ou subvención solicitada, ou o seu reintegro, sen prexuízo das restantes responsabilidades que se deducisen.

### **Artigo 7.- PRESENTACIÓN E PRAZO**

A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello de San Sadurniño ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña. Deberá presentarse nos anexos oficiais da convocatoria.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase ás entidades ou persoas interesadas para que no prazo de dez días hábiles emenden as anomalías advertidas. No caso contrario procederase ao arquivo da solicitude.

As solicitudes presentadas fóra de prazo non terán dereito a participar na convocatoria.

### **Artigo 8.- INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao técnico do Servizo. O técnico do servizo realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria

Unha vez avaliadas as solicitudes, a concesión de subvencións realizarase por resolución da Xunta de Goberno Local a proposta motivada da Comisión cualificadora.

Poderase conceder, no caso de que se considerase preciso pola incorporación ó expediente de alegacións e probas distintas das formuladas polas entidades solicitantes, un prazo de dez días hábiles para presentaren alegacións, pasado o cal formularíase a proposta de resolución definitiva.



### **Artigo 9.- COMISIÓN CUALIFICADORA**

A Comisión cualificadora estará composta polo Alcalde-Presidente ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, o Concelleiro de Participación Veciñal, un concelleiro ou concelleira de cada grupo político con representación na corporación e un/unha funcionario/a ou traballador/a do Concello, con voz e sen voto, nomeado polo Alcalde-Presidente que exercerá de secretario/a da Comisión cualificadora.

### **Artigo 10.- RESOLUCIÓN**

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase unha vez revisadas as solicitudes presentadas elaborándose proposta de resolución que será resolta pola Xunta de Goberno Local concedendo ou denegando a axuda.

Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención.

A resolución pon fin á vía administrativa.

### **Artigo 11.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS**

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo do mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de San Sadurniño, cos medios que estime oportunos e facilitará canta información sexa requirida polo Consello de Contas, de ser o caso. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

As entidades beneficiarias adquiren os seguintes compromisos:

1. Desenvolver a actividade deportiva ao longo da tempada 2023/2024.
2. Dar publicidade do financiamento deste concello de acordo co establecido no artigo 14 destas bases.
3. Cumprir cos compromisos sobre o uso da lingua galega e a promoción da igualdade e a inclusión, segundo se recolle no artigo 14 destas bases.
4. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
5. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
6. Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e achegar a información que lles sexa requirida, para o cal



deberanse conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Acreditar, cando se lle requira, diante do Concello a realización da actividade ou proxecto.

## Artigo 12.- PRAZO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

Para poder percibiren as subvencións concedidas de acordo coas presentes bases, as entidades beneficiarias presentarán a documentación xustificativa na sede electrónica do Concello.

As subvencións concedidas aboaranse tras a xustificación do investimento por parte da entidade. Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento da finalidade da subvención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada pola entidade beneficiaria na documentación presentada.

O prazo de xustificación finalizará o 15 de decembro de 2024, agás que se solicitase e concedese unha prórroga, que non excederá nunca do prazo de 50 días.

A **documentación xustificativa** conterá a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da realización da actividade obxecto de subvención e grao de cumprimento de obxectivos, que inclúa un balance de ingresos e gastos realizados con motivo da dita actividade, de forma que se poida comprobar a concordancia co presuposto inicial presentado.
- b) As entidades beneficiarias da subvención quedan obrigadas a xustificar a axuda, coa cantidade resultante da suma do importe da subvención concedida, máis o 20% do orzamento presentado na solicitude. No caso de recibiren axudas ou subvencións doutras entidades públicas ou privadas, o importe do gasto xustificado deberá ser como mínimo a suma total das cantidades recibidas, máis o 20% adicional da subvención concedida nesta convocatoria.
- c) Relación detallada das subvencións solicitadas e/ou concedidas ata o momento da xustificación desta subvención, así como doutros ingresos público ou privados para o financiamento das actividades ou investimentos.
- d) As facturas que se presenten como xustificantes, deberán corresponder cos gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas e deberán vir acompañadas do correspondente xustificante bancario de pagamento. Só se admitiran pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento e adxuntando un xustificante do pago recibido.



### **Artigo 13.- .-COMPROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.**

A Secretaría-Intervención do Concello de San Sadurniño será a responsable da comprobación da xustificación da subvención, así como da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

No suposto de que non se presente xustificación nos termos establecidos no artigo 12, procederase á minoración proporcional da subvención concedida, e isto sempre que se xustifique máis do 50% da subvención concedida. De non xustificarse polo menos esa porcentaxe, anularase a concesión por entender non realizado o obxecto para o cal se solicitou subvención.

No caso do incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter prepagable ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos descritos anteriormente, o Concello de San Sadurniño esixirá ás entidades beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

### **Artigo 14.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL, COMPROMISO DO USO DA LINGUA GALEGA E PROMOCIÓN DA IGUALDADE E A INCLUSIÓN**

- 1 Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de San Sadurniño.
- 2 As entidades beneficiarias comprométense a mostrar a marca da imaxe visual do Concello (imago tipo e logotipo) en toda a cartalaría, folletos e publicidade en xeral que sexan editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos, en cumprimento do Regulamento de imaxe visual corporativa do Concello, publicado no BOP nº 99 do 27/05/2013.
- 3 Paralelamente, debido a que o Concello de San Sadurniño forma parte das entidades promotoras do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, e que este proxecto pode ser beneficioso directa e indirectamente para as entidades deportivas, estas usarán tamén o logotipo do citado proxecto no material divulgativo que editen.
- 4 Nas súas comunicacións e publicidade, as entidades beneficiarias comprométense ao uso da lingua galega, á utilización da linguaxe inclusiva non sexista, e a empregar imaxes que promovan os valores da inclusión e da igualdade.
- 5 As entidades beneficiarias comprométense a sumarse ás campañas desenvolvidas por parte do Concello de San Sadurniño en relación á promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.





### **Artigo 15.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR**

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na Lei xeral presupostaria.

As sancións, no seu caso, serán acordadas e impostas pola Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 16.- RECURSOS**

Contra o acto administrativo polo que se resolva o procedemento de concesión de subvencións, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o que se fai público para xeral coñecemento e ós efectos legais procedentes.

### **Artigo 17.- VIXENCIA**

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

En San Sadurniño, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Secundino García Casal



## ANEXOS.

### ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES DEPORTIVAS

**ENTIDADE SOLICITANTE** (os datos neste apartado deberán coincidir cos datos do rexistro municipal de entidades e cos da persoa titular da conta bancaria)

#### Datos da entidade

<b>DENOMINACIÓN</b>		<b>CIF</b>
<b>ENDEREZO</b>		<b>CONCELLO</b>
<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<b>TELÉFONO 1</b>	<b>TELÉFONO 2</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>		
<b>Nª DE CONTA:</b>		

#### Enderezo a efectos de notificación

<b>ENDEREZO</b>		<b>CONCELLO</b>
<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<b>TELÉFONO 1</b>	<b>TELÉFONO 2</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>		

#### Datos da persoa representante

<b>NOME E APELIDOS</b>	
<b>DNI</b>	<b>TELÉFONO</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>	

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

### ANEXO II. MEMORIA DE ACTIVIDADES OBJETO DA SUBVENCIÓN

A entidade deportiva \_\_\_\_\_ solicita ao Concello de San Sadurniño unha subvención municipal para a promoción do deporte e entidades deportivas



para o ano 202\_\_, co obxectivo de sufragar parte dos gastos da dita entidade como consecuencia das actividades e/ou competicións federadas nas que participa.

As actividades programadas nesta entidade son as seguintes:

Outros datos de interese (Torneos, exhibicións, etc.):

**ANEXO III**  
**PRESUPOSTO DE INGRESOS E GASTOS<sup>1</sup>**

<sup>1</sup> Os conceptos integrados en ingresos e gastos serán elaborados polas entidades peticionarias.



### ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS

(incluír outras subvencións solicitadas ou concedidas, cuota de socios, taxas,...)

CONCEPTO	IMPORTE (€)
<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>€</b>

### ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE (€)



<b>TOTAL DE INGRESOS</b>	<b>€</b>

**ANEXO IV**  
**NÚMERO DE FICHAS**

**CERTIFICACIÓN**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_ en calidade de Secretario/a da Federación de \_\_\_\_\_,



**CERTIFICA:**

Que, segundo os datos existentes nesta Federaci3n, a Entidade

\_\_\_\_\_ formulou e tramitou, co seu correspondente abono, na tempada 202\_\_/202\_\_ as seguintes inscrici3ns coa súa correspondente ficha federativa:

CATEGORÍA	Nº DEPORTISTAS	
	Masculinos	Femininos

E para que así conste, e surta efectos ante o Concello de San Sadurniño, expídese a presente certificaci3n por orde e co visto e praxe do/a Presidente/a.

**ANEXO V**

**CARGOS REPRESENTATIVOS DA ENTIDADE**

**CERTIFICACI3N**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_ en calidade de secretario/a da entidade \_\_\_\_\_, CERTIFICA



A composición da Xunta Directiva no momento da solicitude da subvención é a seguinte:

CARGO	DIRECTIVO/A
PRESIDENTE/A	
VICEPRESIDENTE/A	
SECRETARÍO/A	
TESOURERÍO/A	
VOCAIS	

